




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 21118S027M	
Código de verificación  6E5M 4C1F 4R2W 2T6H 060R	Expediente 211/2024/425	
	Fecha 23-04-2024	

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE RENOVACIÓN E NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2024-25

Esta concellaría está conforme coas bases da convocatoria de renovación e novas matrículas das Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM) do Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD), segundo a normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007) e a Ordenanza fiscal núm. 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

**OBXECTO:** O obxectivo do programa deportivo das EDM e promover a actividade deportiva e hábitos de vida saudable.

### 1. RENOVACIÓNS NAS EDM

#### 1.1. Requisitos xerais

- 1.1.1. Para alcanzar os obxectivos do programa é imprescindible a asistencia constante para chegar a adquirir hábitos.
- 1.1.2. A renovación aplicarase ao curso 2024/2025, dende outubro do 2024 a xuño do 2025
- 1.1.3. Prezos: aplicarase as tarifas segundo a Ordenanza fiscal núm. 15 vixente.
- 1.1.4. Persoas destinatarias: o alumnado das EDM matriculado no curso 2023-2024 que desexa renovar para o curso 2024-25, con asistencia igual ou maior a un 60%. En todo caso á persoa á que non se lle permita renovar poderá solicitar praza no mes de setembro, na convocatoria xeral de novas matrículas.
- 1.1.5. **A renovación realizarase no horario e grupo** no que estea inscrito o alumnado. En consecuencia, todo o alumnado renovará na súa mesma praza agás quen cambia de grupo por idade. Véxanse as cláusulas seguintes.

#### 1.2. Procedemento de renovación

##### 1.2.1. Publicación da listaxe: mércores 24 de abril, a partir das 10:00h.

O SMD publicará na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncios dos centros deportivos a listaxe do alumnado que poderá renovar.

##### 1.2.2. Presentación de alegacións: do 25 ao 30 de abril, nas oficinas de coordinación das EDM

Disporán dun prazo de presentación de alegacións correspondentes e xustificacións aquelas persoas que acrediten que as ausencias tiveron lugar por causas de forza maior ou estado de necesidade. Neste punto aclárase que non terán esta condición as ausencias por enfermidade preexistente á data de matriculación no curso anterior e/ou enfermidade crónica.

##### 1.2.3. Matrículas: en xeral do 2 ao 27 de maio, ambos incluídos

Entenderase que as persoas que non se matriculen nas datas indicadas para a renovación, renuncian a ela. Para facilitárllelo ás persoas residentes dos contornos do barrio das Flores e da Torre, abranse as oficinas do Barrio das Flores do 2 ao 8 de maio e as oficinas da Cidade Deportiva da Torre do 9 ao 16 de maio.



## 1.2.4. Lugar, horarios e datas de matrícula para a renovación

Nas oficinas de atención ao público dos centros deportivos onde se realiza a EDM, na oficinas do Palacio de Deportes de Riazor deberán realizarse por grupos de idade, agás familiares de diferentes idades que se poderán matricular no mesmo día, segundo o cadro seguinte:

RENOVACIÓN PRESENCIAL: *terá preferencia a cita previa (1 por matrícula). Pode solicitala en <a href="http://www.citaprevia.coruna.gal">www.citaprevia.coruna.gal</a> ou chamando ao 010			
Oficinas de atención ao público	Idades	Datas	Horario
Palacio de Deportes Riazor*	MAIORES DE 60	2 ao 10 maio	Lu-Ve 08:15-14:00
Palacio de Deportes Riazor*	18-60	13 ao 20 maio	Lu-Ve 08:15-14:00
Palacio de Deportes Riazor*	ATA 17	21 a 27 maio	Lu-Ve 08:15-14:00
Cidade Deportiva da Torre*	TODAS	9 ao 16 maio	Lu-Ve 08:15-14:00
Polideportivo do Barrio das Flores*	TODAS	2 ao 8 maio	Lu-Ve 08:15-14:00
Club do Mar de San Amaro	TODAS	02 maio ao 27 maio	Lu-Ve 9:30-19:30
CDM de San Diego	TODAS	02 maio ao 27 maio	Lu-Ve 08:00-22:30; Sa 09:00-21:30; Festivo. 09:00-14:00

## 1.3. Cambios de grupo por idade menores de idade (de 6-17 anos)

O cambio de grupo por idade realizarase na mesma modalidade deportiva, sempre e cando a EDM dispoña de prazas. **Data da matrícula do 20 ao 26 de xuño**, nas oficinas de atención ao público na Cidade Deportiva de Riazor nos horarios publicados (consultar o cadro anterior).

### 1.3.1. As EDM que en primeira convocatoria non dispoñen de prazas ou poden optar a varios horarios son as seguintes:

-Alumnado de Patinaxe de 6 a 8 anos, con cambio a Patinaxe de 9 a 11 anos. (Polideportiva núm. 1 Riazor)
-Alumnado de Minitenis de 6 a 8 anos (da Torre), con cambio a Tenis 9-11. (Torre, Riazor, Novo Mesoiro)
-Alumnado de Natación de 6-8 anos, con cambio a 9-11 anos. (Riazor)
-Alumnado de Tenis de 9-11 anos (Riazor/Torre/N. Mesoiro) que cambia a Tenis de 12-17 anos. (Riazor/Torre/N. Mesoiro)
-Alumnado de Natación de 9 a 11 anos, con cambio a Natación de 12 a 17 anos. (Riazor)
-Alumnado de Patinaxe de 9-11 anos, con cambio a 12-17. (Polideportiva núm. 1 Riazor)

Neste caso o alumnado deberá realizar o seguinte procedemento:

- Remitirse por correo electrónico unha ligazón a un formulario de solicitude coas diferentes opcións que deberá ser cuberto e enviado entre o 2 e o 31 de maio.
- Se houberse máis solicitudes que prazas publicarase unha listaxe o 13 de xuño.
- Sorteio o 14 xuño.
- Listaxe de adxudicación o 18 de xuño.

### 1.3.2. Matrículas: data de matrícula do 20 ao 26 de xuño



**1.4. Cambios de grupo por idade para maiores de 18 anos:** o alumnado poderá realizalo de forma voluntaria ou permanecer no grupo de orixe sempre que o seu estado físico o permita.

**1.4.1.** O alumnado que decida permanecer no grupo de orixe deberá matricularse nas datas arriba indicadas segundo o procedemento de renovación (1.2).

**1.4.2.** O alumnado que voluntariamente desexe cambiar a grupo de +60 deberá seguir o seguinte procedemento:

- Solicitud na oficina de coordinación das EDM no Palacio de Deportes de Riazor do 2 ao 31 de maio.
- Se houberse máis solicitudes que prazas publicarase unha listaxe o 13 de xuño.
- Sorteo o 14 de xuño.
- Listaxe de adxudicación o 18 de xuño.

**1.4.3.** Matrículas: data de matrícula do 20 ao 26 de xuño.

**1.5. Cambios de horario e instalacións:** só se admitirán solicitudes de cambio de horario por motivos de conciliación familiar ou causas de forza maior e atenderase no caso de que houberse praza.

- Para optar ao cambio deberá previamente matricularse na súa praza de orixe.
- Presentarase **na oficina de coordinación das EDM a solicitude do 17 ao 19 de xuño.** (Palacio de Deportes de Riazor)
- Se houberse máis solicitudes que prazas:
  - Publicarase unha listaxe o 21 de xuño.
  - Sorteo o 26 xuño.
  - Listaxe de adxudicación o 28 de xuño.
- Cambio de recibo (confirmación do cambio). Do 1 ao 3 de xullo.
- No caso das EDM na Piscina Municipal de San Amaro e no Complexo Deportivo Municipal de San Diego:
  - Cambio de hora: deberán solicitarse nas devanditas instalacións.
  - Non procede o cambio de instalación.

## 2. NOVAS MATRÍCULAS:

**2.1. Publicación das EDM e prazas:** 28 de agosto na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e taboleiros de anuncio dos centros deportivos municipais a partir das 08.00h.

**2.2.** Poderán solicitar praza todas as persoas que cumpran os requisitos desta convocatoria. Terán preferencia as empadroadas no Concello da Coruña.

**2.3. Procedemento:** lugar de presentación de solicitudes de preinscrición, listaxe provisional, alegacións, sorteo, listaxe de admitidas, data de matrícula e outras fases do procedemento de adxudicación serán comunicadas na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e taboleiros de anuncio dos centros deportivos municipais o 28 agosto coa publicación das prazas.

**2.3.1.** Dispoñerá de seu propio anexo onde se se anunciarán as datas de inicio de solicitude de preinscrición, e demais fases do procedemento necesario para a adxudicación das prazas.



**2.4. Número de cursos por persoa:** cada persoa poderá solicitar un máximo de dous cursos, pero só poderá matricularse nun único curso. Se alguén solicitase máis de dous cursos só se terán en conta as últimas solicitudes rexistradas por esa persoa. Non obstante, se unha vez rematada a convocatoria houberse prazas vacantes poderá realizarse a matrícula nos cursos que estean dispoñibles.

**2.5. Orde de preferencia** para a adxudicación das prazas: nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, realizarse sorteo:

a) A partir do número resultante no sorteo asignaranse as prazas da listaxe de persoas admitidas e a listaxe de agarda.

b) Todas as persoas solicitantes que non obtivesen praza en primeira instancia pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

c) En todo caso, terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña.

**2.6. Matrícula para persoas na listaxe de agarda,** se procede:

**2.6.1. Primeiro chamamento: Publicarase listaxe de agarda, indicando** as persoas seguintes que poden matricularse, na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e toboleiros de anuncios e as datas e horas da matrícula. Adxudicarase a praza por orde de chegada.

**2.6.2. Segundo e último chamamento:** Publicaranse as prazas que queden dispoñibles na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e toboleiros de anuncios, indicando as datas e horas da matrícula. Poderán acceder todas as persoas que da listaxe de espera segundo a EDM solicitada. Adxudicarase a praza por orde de chegada.

**2.7. Matriculación aberta para toda a cidadanía:** comunicaranse as datas.

A partir da publicación das prazas dispoñibles todos os venres a partir das 14.00 h publicaranse na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), nos toboleiros de anuncios das instalacións deportivas e no teléfono de atención cidadá 010 as prazas que aínda quedasen vacantes. Así mesmo, as persoas interesadas poderanse matricular na semana seguinte de cada publicación actualizada das prazas vacantes.

Exceptúanse as EDM para menores de 18 anos, nas que por motivos didácticos e pedagóxicos só permanecerán abertas as matrículas ata o 31 de decembro, salvo que, polo baixo índice de matriculación e sempre apoiado por informes favorables do SMD, se decida -excepcionalmente- permitir a matriculación nun período posterior.

Estas matriculacións efectuaranse por rigorosa orde de chegada con cita previa, nas oficinas do SMD (sitadas na cidade deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor e as prazas correspondentes a San Diego e San Amaro nas ditas instalacións).

### 3. NORMAS COMÚNS NAS EDM PARA RENOVACIÓN E NOVAS MATRÍCULAS

**3.1. Idade:** para os efectos de renovacións e novas matrículas considerarase a idade referida á data 31 de decembro de 2024.

**3.2.** Para os diferentes trámites administrativos comprendidos na presente convocatoria deberá empregarse o modelo normalizado de solicitude de renovación, cambio de grupo por idade e nova matrícula que estará a disposición das e dos interesados; así como pagar a taxa que corresponda, segundo o previsto na Ordenanza fiscal núm. 15.

**3.3.** As listaxes de solicitantes dos cursos ofertados, as listaxes definitivas e o uso de instalacións publicaranse na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos toboleiros de anuncio dos centros deportivos. Así mesmo, calquera outra notificación relativa ás EDM do presente curso como vacacións, renovacións, suspensión de clases e outras necesidades do servizo farase a través dos toboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais, na devandita páxina web e no teléfono de información cidadá 010.

**3.4.** Se fose necesario comunicaranse a ampliación de lugar, datas e horarios de matrículas para posibles incidencias. Será comunicado na páxina web municipal [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal).



- 3.5. Coa formalización da matrícula a persoa solicitante e, se é o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela e dispoña da devandita capacidade xurídica, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas.
- 3.6. **Documentación:** DNI e folia de matrícula. Menores de 14 anos: DNI, de non telo o Libro de Familia, e DNI dos/as proxenitores/as ou titores/as. Alumnado suxeito a tutela, con independencia da idade: o documento legal que acredite a tutela e do DNI do/a titor/a.
- 3.7. A formalización da matrícula e, se é o caso, da solicitude de preinscrición supón a aceptación das normas desta convocatoria.
- 3.8. **Calendario escolar lectivo:** todas as EDM se adaptarán ao calendario oficial escolar publicado pola Xunta de Galicia; en todo caso, o curso comezará o primeiro día hábil do mes de outubro de 2024 e rematará o último día hábil de xuño de 2025. Para vacacións, días festivos e outras cuestión relativas á programación terase en conta o calendario escolar publicado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- 3.9. O SMD por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos e -se fose necesario- deixalos sen efecto.
- 3.10. O alumnado e, de ser o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou a súa tutela, coa formalización da matrícula declara responsablemente que se realizou o oportuno recoñecemento médico e non padece ningunha enfermidade que o incapacite para practicar actividade deportiva. De incorrer en falsidade, a persoa será dada de baixa de oficio sen dereito a devolución das taxas aboadas.
- Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica deportiva deberá achegar informe médico dirixido ao SMD no momento da súa matrícula.
- No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa se poida atopar nalgunha destas circunstancias, o SMD poderá requirirllle expresamente a achega do certificado médico ou documento equivalente.
- 3.11. As persoas con discapacidade poderán solicitar praza nunha Escola Deportiva Municipal, tendo en conta o seguinte:
- As EDM son actividades grupais.
  - No formulario de inscrición indícanse o tipo e grao de discapacidade, e se a persoa é dependente ou non.
  - As persoas que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude. A súa inclusión nas EDM será canalizada pola coordinación das EDM (oficina de coordinación no Palacio de Deportes de Riazor) procurando entre ambas as partes os recursos precisos para facilitar a práctica deportiva. Para estas persoas o SMD fará unha reserva do 10% de prazas para persoas con discapacidade.
  - As persoas con discapacidade física que requiran atención personalizada deberán solicitar a EDM de recuperación funcional, segundo se indica nas cláusulas seguintes.
  - En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.
- 3.12. Para matricularse nos grupos das EDM de Natación de 9-11, 12-17, +18, + 60 intenso, Recuperación Funcional e Waterpolo, é requisito ser capaz de nadar 25 m sen facer pé nin suxeitarse a medios auxiliares fixos ou móbiles. Para o grupo de natación +18 intenso é preciso saber nadar 100 metros empregando dous estilos.
- 3.13. Na EDM de Recuperación Funcional o seu obxecto é a inclusión deportiva a través da modalidade deportiva de natación para contribuír a unha mellora das calidades físicas básicas e funcionais daquelas persoas que requiran unha programación personalizada. A persoa deberá poder nadar 25 m sen apoios materiais e sen facer pé. A admisión na EDM de Recuperación Funcional deberá ser informada favorablemente, logo da previa valoración funcional, que será realizada polo persoal fisioterapeuta designado pola empresa adxudicataria do servizo das EDM. O procedemento será o seguinte:



- Presentarase unha solicitude nos rexistro di Palacio dos Deportes de Riazor.
- A persoa presentarse para ser valorada no lugar, día e hora que lle indique o Servizo de Deportes, e deberá levar consigo o diagnóstico clínico e outros datos e/ou informes que considere de interese.

**3.14.** A actividade de Natación Prenatal ten carácter mensual e desenvólvese na Piscina Municipal de Riazor durante todo o ano (a excepción do período de peche anual da instalación). Para inscribirse é necesario aboar a taxa en calquera dos rexistros de Deportes, concertando a cita previa. A inscrición mensual actívese a semana anterior ao mes en que se queira realizar a actividade.

**3.15. Limitación no número de actividades por persoa:** como norma xeral, establécese a limitación de ocupar como máximo dúas prazas das EDM no mesmo curso, exceptuando:

- As actividades de recuperación funcional e natación prenatal, de forma temporal.
- Esta limitación establécese considerando conxuntamente as instalacións deportivas municipais de xestión directa así como os complexos deportivos de San Diego e San Amaro.
- Finalizada a convocatoria de novas matrículas, se quedasen prazas libres, poderá matricularse tendo en conta que na seguinte renovación só se poderá matricular en dúas delas sempre e cando sexan de diferente modalidade deportiva.

**3.16. Normas de asistencia durante o curso escolar vixente:** establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria nas EDM do 60% das sesións lectivas do curso. O alumnado só poderá, polo tanto, ter unha porcentaxe de falta inferior ao 40% das sesións anuais do curso. Esta situación deberá ser excepcional, o alumnado deberá, como norma xeral, asistir ás clases. Non se requirirá que o alumnado presente un xustificante pola súa falta de asistencia. Non existe distinción entre falta xustificada e non xustificada. No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia o/a alumno/a debe causar baixa nas EDM sen dereito a percibir a devolución da correspondente taxa. Non obstante no caso de ausencia continuada do/a alumno/a, a pesar de non ter chegado a ese 40% de faltas de asistencia e logo do previo informe do profesorado, poñerémonos en contacto co/a alumno/a para que nos xustifique o motivo da súa ausencia co fin de ofertar esa praza no caso de estar vacante en calquera momento do curso.

**3.17. Cambios de horario ao longo do curso escolar:** aquelas persoas que por circunstancias de conciliación laboral, persoal ou de calquera outra índole desexen cambiar o horario, na mesma modalidade deportiva, poderán acceder ás prazas vacantes que se publicarán unha vez rematada a convocatoria de novas matrículas sendo: ata o 31 de xaneiro de 2024 para maiores de 18 anos e para menores de 18 ata o 31 de decembro, que estarán a libre disposición. Se for o caso, deberán tramitar conxuntamente a baixa no grupo do que desexan marchar e a alta no novo horario, sen necesidade de aboar novamente a taxa, agás a diferenza no importe no caso de pasar dunha frecuencia menor a unha frecuencia semanal maior (por exemplo, de dous días á semana a tres días á semana). Unha vez rematado este prazo, non se admitirán máis cambios e deberán agardar á seguinte renovación co seu conseqüente novo prazo de cambios. Non se permiten cambios de modalidade deportiva, nin entre as instalacións de San Diego ou San Amaro entre si nin co resto de instalacións.

**3.18. Renuncia á praza:** as persoas que, rematado o prazo de renovación que corresponda, non fixesen o pagamento da taxa correspondente, entenderase que renuncian á praza na que podían renovar. A dita praza pasará á convocatoria libre e ofertarase no mes de setembro de 2024. En todo caso, unha persoa que renunciou ou que non renovou unha praza por calquera circunstancia sempre vai poder optar á convocatoria libre por esa ou por outra praza que saia ofertada.

**3.19. Baixas nas actividades:** no caso de querer causar baixa nunha actividade, deberase solicitar expresamente, por rexistro de entrada. Segundo o artigo 8 da dita ordenanza: *“Esixírase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso...”*





## Concello da Coruña

- 3.20.** Serán de aplicación as normas de uso das instalacións deportivas municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.
- 3.21.** O Concello, a través da empresa concesionaria do contrato de servizos das EDM, dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para o alumnado das escolas deportivas que sufra un accidente durante a clase e como consecuencia de levar a cabo a actividade incluída na programación prevista. En ningún caso a prestación deste servizo suporá recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta Administración de implantar unha práctica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.
- 3.22.** Coa presentación da solicitude e, se é o caso, a formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.
- 3.23.** Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña en calidade de Responsable de Tratamento con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, coa finalidade de xestionar a prescrición, rexistro e desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade do cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos pódense conservar, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, investigación científica e histórica ou fins estatísticos. Os seus datos serán comunicados a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro; entidades aseguradoras, outros órganos da Administración local y profesionais ou entidades adxudicatarias dá prestación do servizo. Para o caso de que a contratación implique o acceso do contratista a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante, aquel terá a consideración de encargado do tratamento, como se indica na disposición adicional vixésima quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- 3.24.** O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, ou ben mediante solicitude na sede electrónica <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>, no seu caso poderá poñerse tamén en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos [delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal) ou presentar unha reclamación, se así o considera, ante a autoridade de control
- 3.25.** O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

Sinatura e firma electrónica

A xefa de departamento de Deportes

Maria del Carmen Tapia Porto

Conforme

O xefe de servizo de Deportes

Pablo Castedo López